

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	NON CUBRIR
<b>MATERIA</b>	ANÁLISE DE ESPECTÁCULOS
<b>DISCIPLINA</b>	ANÁLISE DE ESPECTÁCULOS
<b>TITULACIÓN</b>	Titulación Superior en Arte dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Interpretación
<b>ITINERARIO</b>	Todos
<b>CURSO</b>	4º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	3
<b>CARÁCTER</b>	Formación básica
<b>DEPARTAMENTO</b>	Teoría e Historia das Artes Escénicas
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Roberto Pascual
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Roberto Pascual <b>Horario titorías:</b> <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a> <b>Despacho:</b> T4 <b>Contacto:</b> <a href="mailto:robertopascual@edu.xunta.gal">robertopascual@edu.xunta.gal</a>
<b>DESCRICIÓN</b>	Estudo de diferentes modelos para a análise dos espectáculos teatrais aplicados á interpretación, facendo fincapé no teatro como feito escénico e os seus distintos xéneros para logo atender os demais tipos de espectáculo en vivo (danza, musical, obxectos) e abordar asemade a técnica da análise comparativa, o ensaio crítico e a interpretación do feito escénico desde coordenadas sociais, políticas, históricas, económicas e culturais.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Historia do teatro e das artes do espectáculo nivel ESAD. Teorías do teatro (nivel ESAD). Coñecementos básicos de teorías do signo e da comunicación. Coñecementos básicos de análise de textos.
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
<b>T7</b>	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
<b>T14</b>	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
<b>T16</b>	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
<b>T17</b>	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X1</b>	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
<b>X7</b>	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
<b>EI3</b>	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.

<b>EI6</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.		
<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>		<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>	
1. Adquisición dunha base teórica e conceptual desde a que fundamentar a análise de espectáculos como estratexia de explicación, comprensión e interpretación do teatro representado.		T2, T8, X3, X7, EI3, EI6	
2. Desenvolvemento da capacidade de análise crítica.		T6, T7, X1, X3, EI3, EI6	
3. Coñecemento e aplicación do modelo semiótico-estrutural básico na análise de espectáculos.		X6, X8, EI3, EI6	
4. Lectura analítica e crítica de espectáculos de diferentes estilos e épocas.		X6, X7, EI3, EI6, T16	
5. Comprensión do relevo da análise de espectáculos como fundamento da creación escénica.		X6, X7, EI3, EI6, T17	
<b>4. CONTIDOS</b>			
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>SESIÓNS</b>	
1. O espectáculo alén da interpretación.	1.1. Os signos e a súa xerarquía ante o actor. 1.2. Análise formal.	6	
2. Proposta metodolóxica: a análise do espectáculo entre os signos da interpretación e os signos da posta en escena.	2.1. Análise semiótica. 2.2. Análise da recepción. 2.3. Outras perspectivas de análise.	23	
3. Teoría e práctica dos xéneros escénicos en función do emprego do signo.	3.1. Diferenzas entre xénero e estilo. 3.2. Fixación, transgresión e evolución dos xéneros. 3.3. Espectáculos híbridos.	3	
4. A recepción e a crítica ante o traballo do actor.	4.1. Modelos de crítica e análise. 4.2. A dramaturxia da recepción.	6	
5. Análise de repertorios desde a interpretación.	5.1. Concepto de repertorio e aplicación. 5.2. Concepto de mediación e programación expandida.	7	
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>45</b>	
<b>5. PLANIFICACIÓN DOCENTE</b>			
<b>Actividade / Número de horas</b>	<b>Presencial (horas)</b>	<b>Non presencial (horas)</b>	<b>Total</b>
Exposición maxistral (con ou sen Moodle)	28		28
Práctica individual (Traballos tutelados)		5	5
Práctica colectiva (Debates de aula)	12		12
Actividades complementarias (Estudo persoal, lecturas, Moodle)		5	5
Titorías individuais	2		2
Actividades de avaliación. Probas	2		2
Actividades de avaliación. Revisión	1		1
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>10</b>	<b>55h</b>
<b>6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Actividades</b>	<b>Descrición</b>		
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballo e aspectos básicos para o debate co fin de fornecer na aula e directamente os contidos conceptuais mínimos da disciplina.		
Debates	O alumnado comentará e analizará nunha perspectiva crítica e reflexiva cuestións cunha orientación teórica, metodolóxica e práctica, cuestións vinculadas cos contidos da materia.		

Traballos tutelados	Ao final de cada tema, o/a docente poderá propor unha reflexión ou exercicio oral ou escrito (de non máis de cinco páxinas) a partir dalgún tema proposto. Tratarase de que, alén do aprendido, manexe outros materiais ademais dos fornecidos na aula, como libros teóricos, materiais en rede, artigos académicos, prensa, etc. Tamén se solicitarán dous traballos finais.	
Exames	A/o docente poderá realizar unha avaliación dalgunha das partes ou da totalidade no caso de avaliación con perda de avaliación continua. Así, poderá solicitar tamén a realización dunha proba escrita sobre os contidos da materia que non fosen avaliados a través de traballos.	
<b>7. ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>		
Titoría individual obrigatoria	Sesión de traballo individualizada para a orientación de cuestións relativas ao traballo tutelado.	
Outras titorías	Seguemento, segundo as necesidades de cada estudante, da evolución do proceso de aprendizaxe, incidindo personalizadamente, se for necesario, nos aspectos que requiriran reforzo.	
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>		
<b>8.1 Avaliación ordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Participación e traballo na aula	T3, T8, T14, X7, EI6, EI3	10%
<b>Traballos tutelados</b> Con carácter obrigatorio, e se o/a docente desa parte así o determina, o alumnado deberá realizar á fin de cada tema, un traballo sobre unha cuestión proposta pola docente. Tratarase de que, alén do aprendido, se manexen outros materiais alén dos fornecidos na aula, como libros teóricos, materiais en rede, artigos académicos, prensa, etc. Será necesario, por tanto, manexar bibliografía complementaria que o alumno deberá procurar. Estes exercicios poderán ser orais ou escritos. Obrigatoriamente, todos os alumnos deberán asitir a, polo menos, unha titoría por tema con motivo de supervisar a elaboración destes traballos.	T1, T9, T17, X1, X3, X6, X7, EI6	30% (no caso de solicitarse)
<b>Traballos finais</b> Consistirán na análise dun espectáculo completo acordado co docente e na elaboración dunha crítica. O/a estudante deberá demostrar a súa adquisición de competencias mínimas esixidas e a súa consecución dos obxectivos. A extensión da análise será de entre 10 e 15 páxinas e a crítica de 5.000 caracteres. As normas APA de presentación de traballos deberán ser de estrita aplicación na presentación dos mesmos.  Non hai opción a avaliar partes da materia por separado en xullo nin se gardará ningunha nota obtida durante a avaliación continua ou na convocatoria ordinaria de febreiro.	T1, T9, T17, X1, X3, X6, X7, EI6	90% (no caso de solicitarse traballos tutelados, 60%)
Aqueles estudantes que non teñan superada algunha das probas necesarias para aprobar a materia, deberán: 1/ Realizar un exame na data e hora da convocatoria ordinaria de xaneiro consistente na análise de escenas ou dun espectáculo proxectado na aula. ou 2/ Demostrar, a través da realización dalgunha proba específica ou da repetición dalgún dos traballos non entregados/non superados que o/a alumno/a está en disposición de acadar as competencias non superadas. Será o/a docente quen decida cal das dúas opcións é a idónea para cada caso, optándose pola segunda sempre que a ausencia a clase non exceda o 20% e sempre que estea superado, polo menos, o 50% das probas.	T1, T9, T17, X1, X3, X6, X7, EI6	100%
<i>Amnistía ortográfica:</i> Prégase atención á redacción e ás faltas de ortografía nas probas e traballos, pois poden rebaixar a nota en 0,05 puntos por falta en casos de exceso, puntuación que será devolta se o alumno demostra ter superado o problema en probas sucesivas.		
<i>Política antiplaxio:</i> Calquera copia ou paráfrase directa de traballos publicados en calquera soporte (fundamentalmente internet)		

implicará un suspenso automático, só recuperábel nas convocatorias ordinaria e/ou extraordinaria.		
<b>8.2. Avaliación extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
A avaliación na convocatoria extraordinaria de xullo consistirá nun exame arredor de CALQUERA dos contidos aos que se refire o temario. O exame constará de: 1. Análise dunha ou varias escenas dun espectáculo en base aos contidos da materia e ás preguntas formuladas. 2. Presentación dun traballo de entre 10-15 páxinas de análise completa dun espectáculo previamente consensuado co docente. Quen non supere a avaliación ordinaria terá necesariamente que realizar este exame. Non hai opción a avaliar partes da materia por separado en xullo nin se gardará ningunha nota obtida durante a avaliación continua ou na convocatoria ordinaria de xaneiro.	T1, T9, T17, X1, X3, X6, X7, EI6	100%
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
A avaliación na convocatoria extraordinaria de xullo consistirá nun exame arredor de CALQUERA dos contidos aos que se refire o temario. O exame constará de: 1. Análise dunha ou varias escenas dun espectáculo en base aos contidos da materia e ás preguntas formuladas. 2. Presentación dun traballo de entre 10-15 páxinas de análise completa dun espectáculo previamente consensuado co docente. Quen non supere a avaliación ordinaria terá necesariamente que realizar este exame. Non hai opción a avaliar partes da materia por separado en xullo nin se gardará ningunha nota obtida durante a avaliación continua ou na convocatoria ordinaria de xaneiro.	X1, X3, T2, T6, T8, T14, EI3, E6	100%
<b>9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</b>		
Referencias básicas		
<p>Ordóñez, Marcos (2011): <i>Telón de fondo</i>. Barcelona: El Aleph Editores.</p> <p>Pavis, Patrice (1990) <i>Diccionario del teatro: dramaturgia, estética, semiología</i>. Barcelona: Paidós.</p> <p>Pavis, Patrice (2000): <i>El análisis de los espectáculos</i>, Barcelona, Paidós.</p> <p>Spang, Kurt (1991) <i>Teoría del drama. Lectura y análisis de la obra teatral</i>. Pamplona: Universidad.</p> <p>Übersfeld, Anne (1993) <i>Semiótica teatral</i>. Madrid: Cátedra</p> <p>Villegas, Juan (1991) <i>Nueva interpretación y análisis del texto dramático</i>. Ottawa: Girol.</p>		
Referencias complementarias		
<p>Bobes Naves, María del Carmen (ed.) (1997): <i>Teoría del teatro</i>, Madrid, Arco Libros.</p> <p>Fischer Lichte, Erika (1999) <i>Semiótica del teatro</i>. Madrid: Arco.</p> <p>Goffman, E. (1994): <i>La presentación de la persona en la vida cotidiana</i>, Buenos Aires, Amorrortu.</p> <p>Kowzan, Tadeusz (1997): <i>El signo y el teatro</i>, Madrid, Arco.</p> <p>López Silva, Inmaculada (dir.) (2018) <i>Diccionario Enciclopédico de Termos Escénicos</i>. Santiago: Consello da Cultura Galega.</p> <p>Ferramenta en liña: <a href="http://dicionarios.consellodacultura.gal/termosescenicos/">http://dicionarios.consellodacultura.gal/termosescenicos/</a></p> <p>Pruner, Michel (2006): <i>A Fábrica do teatro</i>, Vigo, Editorial Galaxia.</p> <p>Roubine, Jean-Jacques (2003): <i>Introducción ás grandes teorías do teatro</i>, Vigo, Editorial Galaxia.</p> <p>Schechner, Richard (2002): <i>Performance Studies: An Introduction</i>, Londres, Routledge.</p> <p>Trancón, Santiago (2006) <i>Teoría del teatro</i>, Madrid, Fundamentos</p> <p>Übersfeld, Anne (1996) <i>Lire le théâtre I, II, III</i>. Paris: Belin</p> <p>Vieites, Manuel F. (2005): <i>O teatro</i>, Vigo, Editorial Galaxia.</p>		
<b>10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS</b>		
Esta Guía Docente pode verse modificada nalgún punto en virtude das circunstancias do comezo do curso, do desenvolvemento da docencia ou doutros imprevistos, a criterio do docente ou do Departamento de Teoría e Historia das Artes Escénicas e sempre avisando o alumnado dos parámetros de mudanza con antelación e con argumentos xustificadas.		



Rúa Poza Cabalo, s/n  
36212 VIGO (Pontevedra)  
T: 986 246 399 · F: 986 138 075  
[esad.galicia@edu.xunta.es](mailto:esad.galicia@edu.xunta.es)  
[www.esadgalicia.com](http://www.esadgalicia.com)

